



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**



NOTA DE PRENSA

IX Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega)

O martes 15 de outubro ábrese o prazo de inscrición á IX Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega) que convoca a Asociación Olimpíada de Bioloxía (OEB) baixo o patrocinio de, entre outros, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Nela poderán participar todos os estudantes que estean matriculados de Bioloxía, en Galicia, durante o curso 2013-2014, no 2º curso de Bacharelato, que cursaran Bioloxía en 1º de Bacharelato e que sexan seleccionados segundo as cualificacións obtidas en Bioloxía e Xeoloxía no primeiro curso de Bacharelato e o seu expediente académico.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 15 de novembro de 2013. A proba celebrarase o día 17 de xaneiro de 2014 na Facultade de Bioloxía da Universidade Santiago de Compostela.

Na pasada edición (VIII) participaron 103 estudantes de 33 centros de secundaria da comunidade autónoma galega, que se repartiron da seguinte forma: 49 aspirantes da provincia de Pontevedra, 42 de A Coruña, 8 de Ourense e 3 de Lugo.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación entre os estudantes do sistema educativo español.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e dunha proba práctica cos contidos de Bioloxía da ESO, de primeiro e de segundo de bacharelato, centrados na base molecular e físico-química da vida.

Os tres gañadores da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, a celebrar en Zaragoza.

Máis información:

COBGA: 981 53 14 40 (Pablo)